

Marta Dacosta

**NA CASA  
DA AVOA**

**Unidade  
didáctica**



Marta Dacosta

## NA CASA DA AVOA

### **Ferramentas para ler, profundar, reflexionar, imaxinar, escribir.**

Ola.

Son Marta Dacosta Alonso, a autora de *Na casa da avoa* e o primeiro que quero facer é darche as grazas. Grazas por ler na nosa lingua, grazas por ousar ler un libro de poesía.

O que tes aquí son algunhas suxestións para afondar na lectura do libro e para provocar en ti dous desexos: o de seguir a ler poesía e o de escribila.

Non cho preguntarei. Sei que a poesía che gusta. Só precisas saber que non hai fórmulas matemáticas para lela. Que estás no reino da suxestión. Que todo o que o poema che suxira é o que verdadeiramente significa. Si, o poema quere dicir o que ti estás a ler nel. Porque, unha vez que o poema foi escrito, xa non lle pertence á autora, pertéñeche a ti, lectora ou lector, que tes o dereito absoluto de interpretalo e gozalo a partir dos teus propios sentimentos e da túa experiencia vital.

Ás veces non chegamos a un significado que poidamos concretar, mais gústanos lelo, sobre todo en voz alta, como cando cantamos unha canción nunha lingua incomprensíbel mais que nos namora coa súa melodía. É porque o poema ten ritmo e o ritmo move o noso corazón.

Así que, agora que temos claro que compartimos esta aventura de ler, comecemos internarnos entre os versos.

Para saber máis sobre min, podes consultar o meu caderno dixital Acuática: <http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?contacto=1> ou a miña páxina no portal web da

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, AELG: <http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/marta-dacosta>.

### Que quero contar *Na casa da avoa?*

Para comezar esta análise do libro cómpre unha primeira reflexión. Consideras que os poemas constrúen un todo cunha temática común? Dirías que o libro ten argumento? Se é así, cal é ese argumento para ti?

Cando me preguntan de que trata este libro, respondo que é unha reflexión tecida con tres fíos: o da literatura, o da historia e o da vida. Quero dicir que os poemas remiten a personaxes literarias, históricas ou reais. Poderías citar tres exemplos de cada caso?

Afirmo que son tan anónimas as personaxes históricas e literarias, coma as mulleres reais que só algunhas persoas coñecemos. Digo que son invisíbeis. Por que digo isto?

Invisibilidade é un concepto feminista, podes consultar nun dicio-



nario feminista que entendemos por invisibilidade? E xa que estás busca que é o “teito de cristal”. Podes definir ambos os conceptos? Podes pór algún exemplo?

No libro aparecen citados varios oficios. Indica algúns deles e en que poemas se fala deles.


### **A poesía en relación a outras artes.**

Hai varios poemas que fan referencia a unha imaxe. Busca na rede o cadro *Mathair agus Naoidhneann*. Onde se atopa? Agora que o coñeces, imaxinas que me levou a escribir ese poema?

Noutro poema fago referencia a unha fotografía de Ruth Matilda Anderson. Sabes quen era? É doado atopar información, búscala.

Agora que xa coñeces a esta ousada fotógrafa, busca algunhas das fotografías que tirou. Que fotografías viches dela? É algunha da localidade en que vi-ves ou próxima?

Noutro poema falo de Henrietta Rae. Cal é ese poema? Como é a muller que retrata o poema? De que vive? Este é o cadro *Azaleas*. Porque o citarei neste poema? Procura información sobre Henrietta Rae.



## O contexto en que se insire o poema.

Agora xa podes buscar a foto da *Leiteira de Arcade*. Sabes onde está Arcade? Podes situalo? A que guerra me estou a referir?

Neste poema, como noutros, crúzanse as referencias reais e as literarias. Cales son as referencias literarias? Como se entrecruzan o plano real e o literario?

En 2013 revélase un importante achado sobre o busto de Nefertiti, esa revelación foi a que provocou a escrita deste poema. Procúraa na rede.



O poema “Exhíbente” da páxina 57 fala dun suceso real dunha muller surafricana, Saartjie Baartman. Procura información sobre ela e indaga en que obras literarias podemos ler sobre a súa vida.

Por que o poema 21anos comeza falando desa idade? Comenta brevemente de que nos fala o texto.

Os poemas que pechan o libro falan de dúas figuras históricas galegas. Quen son? En que te baseas para dicir que son elas (lembra que non hai unha única resposta correcta, se a sabes defender).




No poema final utilizo elementos históricos e lendarios, podes indicar cales son uns e outros? Procura a lenda.

Serías quen de localizar o castelo en que se sitúa o poema? Se sabes a que personaxe histórica se refire (na cita que encabeza o poema tes unha pista), se identificaches a lenda e tes en conta que se menciona un castro, onde poderá ser? Busca un mapa desa zona e sinala os lugares que se citan, aínda que non se recollan no poema os topónimos. Atrévete?

### **A importancia da forma no xénero poético.**

Deamos un pasiño máis. Busca as figuras retóricas dos poemas que nomeo a continuación e analiza a súa idoneidade para construír o texto, é dicir, se intensifican o significado



que quero transmitir. Falo de : “Na casa da avoa” e “De lendas e pasadizos que chegan desde unha torre a un río”

### **O coidado da lingua. A necesidade de escoller a palabra xusta.**

Cantas palabras non coñeces? Busca a súa definición.

Des-tecer. Por que cres que escribín así esta palabra? Por que titulei así esta parte do libro? Que quero dicir?

Dormentes. Cando les este título, que che suxire? Tráeches á cabeza algunha referencia literaria? Busca a palabra no dicionario. Cres que estou a utilizar todas as acepcións da palabra? Explícao.

### **Para escribir cómpre un primeiro paso: ler.**

No transcurso destas liñas, fun deixando ao descuberto os fíos cos que tecín os meus poemas, coa intención de achegarchos máis e provocar o impulso de escribir os teus propios textos. Pois acometamos esa tarefa.

Cal foi o poema que máis che gustou do libro? Por que?

Con que poema te identificas máis?

Repara no poema “Pasaba as páxinas do libro” da páxina 29, que estou relatando?

Busca unha fotografía dunha persoa, da década dos 70 ou 80, e constrúe o teu propio poema en que unas o que ves na imaxe co que che suxire e fales da persoa á que che recorda e nos contes algún suceso que mereza ser lembrado.

Agora propóñoche que nos reveles ti mesm@ unha personaxe histórica. Dinos por que a elixes a ela e lenos o poema que che suxeriu.

### **A poesía como provocación, motor do pensamento.**

E rematamos esta lectura de Na casa da avoa. Facémolo relendo de novo todos os poemas en que aparece Ofelia. No meu blog persoal podes atopar o artigo: “Resucitar Ofelia” (<http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cod=35255>). Estadés de acordo comigo cando afirmo que Ofelia era unha muller que sufriu maltrato psicolóxico por parte de Hamlet? Si, non? Por que?

Na sección do meu blog “A muller que le” podedes atopar outros artigos que reflexionan sobre a forma en que as mulleres son retratadas na literatura, ou como foron construídas personaxes como Medea ou Lady Macbeth: <http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cat=14513>. No caso concreto de Medea. Concordas coa análise da personaxe? Atopas esta argumentación nos poemas en que se cita a Medea no libro?







## Algúns orientacións para o profesorado

Ola.

Grazas por ousar recomendar como libro de lectura un texto poético.

Estas orientacións están pensadas para facilitarache as pesquisas que se propoñen nalgúns casos, aínda que hoxe, a través da rede, é doado obter toda a información. Imos aló:

### **Que quero contar Na casa da avoa?**

Cando me preguntan de que trata este libro, respondo que é unha reflexión tecida con tres fíos: o da literatura, o da historia e o da vida. Quero dicir que os poemas remiten a personaxes literarias, históricas ou reais. Poderías citar tres exemplos de cada caso?

**Personaxes literarias: Ío, Ofelia, Medea, Penélope, Desdémona,**

**Personaxes históricas: Nefertiti, Saartjie Baartman, Sylvia Plath, Ruth Matilda Anderson, Henrietta Rae, María Caldarely, Rosalía Castro, a raíña Gruoch, a raíña Lupa, Inés de Castro, Urraca emperatriz de Galiza**

**Personaxes reais: Saladina, a Leiteira de Arcade, Audrey Hepburn (que podería ser clasificada como histórica), Guillermina.**

No libro aparecen citados varios oficios. Indica cales son e en que poemas se fala deles.

**Traballo doméstico, redeira, escritora, pateleira, leiteira, fotógrafa, actriz, vendedora ambulante, percebeira.**



## O contexto en que se insire o poema.

Agora xa podes buscar a foto da Leiteira de Arcade. Sabes onde está Arcade? Podes situalo? A que guerra me estou a referir?

**Neste enlace accédese a unha nova de xornal da data en que foi tirada a foto:** <http://hemeroteca.lavanguardia.com/preview/1926/03/07/pagina-20/33241359/pdf.html>

En 2013 revélase un importante achado sobre o busto de Nefertiti, esa revelación foi a que provocou a escrita deste poema. Procúraa na rede.

**National Geographic:** [http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/nefertiti-la-bella-ha-llegado\\_6927](http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/nefertiti-la-bella-ha-llegado_6927)

O poema “Exhíbente” da páxina 57 fala dun suceso real dunha muller surafricana, Saartjie Baartman. Procura información sobre ela e indaga en que obras literarias podemos ler sobre a súa vida.

**No meu caderno dixital podes atopar xa algunha información elaborada tras a lectura dunha novela baseada na malfadada Saartjie:** <http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cod=131442>

Por que o poema 21anos comeza falando desa idade? Comenta brevemente de que nos fala o texto.

**A maioría de idade durante a ditadura franquista. As mulleres só podían decidir por si mesmas sobre con quen casar cando tiña a maioría de idade. Do contrario, mesmo que faltasen días precisaban a autorización paterna.**

Os poemas que pechan o libro falan de dúas figuras históricas galegas. Quen son? En que te baseas para dicir que son elas (lembra que non hai unha única resposta correcta, se a sabes defender).

**“De animal nome”, fala da Raíña Lupa e “De lendas e pasadizos que chegan desde unha torre a un río” de Dona Urraca, “totius Gallecie imperatrix”.**

Os elementos históricos son os referidos á Raíña Urraca e a súa estadía no Castelo de Vilasobroso (Mondariz). Os elementos lendarios poden documentarse en Galicia Encantada:

**“A Vila Queimada de Sobroso”** <http://www.galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=20&id=1685>

**No artigo de Manrique Fernández “Prodixios no Castro de Troña” p.p. 70-71:** [http://concellodepontearreas.org/portal/arquivos/pregons/pregon\\_2010.pdf](http://concellodepontearreas.org/portal/arquivos/pregons/pregon_2010.pdf)


Serías quen de situar o castelo en que se sitúa o poema? Se sabes a que personaxe histórica se refere (na cita que encabeza o poema tes unha pista), se identificaches a lenda e tes en conta que se menciona un castro, onde poderá ser? Busca un mapa desa zona e sinala os lugares que se citan, aínda que non se recollan no poema os topónimos. Atrévete?

**Castelo de Vilasobroso en Mondariz e Castro de Troña en Pontearreas.**

**Para escribir cómpre un primeiro paso: ler.**

Cal foi o poema que máis che gustou do libro? Por que?

Con que poema te identificas máis?



O normal sería que a resposta ás preguntas anteriores fose a mesma, pois adoita ser o poema que máis nos gusta aquel co que nos identificamos e iso porque a literatura conecta con nós se fala de nós. Se é así, é importante salientalo, pois é unha evidencia de que a literatura, sobre todo a poesía, é emoción e cómpre acometela sentindo o que se escribe, o que non quere dicir que teña que ser real, mais si que a autora ou o autor se coloca nesa situación como se a vivise.

O libro permite outras liñas de traballo: relación coa literatura clásica ou coa literatura dramática, nomeadamente Shakespeare, sen esquecer a Cunqueiro.

Grazas polo teu tempo.

Viva a poesía!

Marta Dacosta Alonso

